



Resolución de concesión de axuda

CONVOCATORIA 2024 DAS AXUDAS DO IGAPE PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EXTERIOR CONXUNTA DAS EMPRESAS GALEGAS (GALICIA EXPORTA ORGANISMOS INTERMEDIOS), COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

1. Antecedentes:

Por Resolución do 19 de decembro de 2023 (DOG nº 2, do 3 de xaneiro), publicáronse as bases reguladoras das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios 2024), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Esta convocatoria é cofinanciada no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, cunha taxa de cofinanciamento do Feder do 60% e compútase como cofinanciamento nacional polo 40 % restante, parte de cofinanciamento público do Igape e o investimento privado elixible dos beneficiarios. En particular:

Obxectivo político 1: unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións.

Prioridade P1A: transición dixital e intelixente.

Obxectivo específico 1.3: reforzar o crecemento sustentable e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas empresas, tamén mediante investimentos produtivos.

Actuación 1.3.03: axudas á internacionalización de empresas galegas.

Ámbito de intervención 021: desenvolvemento empresarial e internacionalización das pemes, incluídos os investimentos produtivos.

O que exige á persoa beneficiaria o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, e o Regulamento (UE) nº 2021/1058, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

A concesión desta axuda supón declarar que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir as súas condicións e a súa aceptación a ser incluído na lista de operacións prevista no artigo 49.3 do Regulamento (UE) nº 2021/1060, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, de acordo co artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Así mesmo, a persoa beneficiaria deberá cumprir os requisitos de publicación e comunicación en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no artigo 50 do devandito Regulamento (UE) nº 2021/1060.

Para a avaliación das 27 solicitudes presentadas aplicáronse os seguintes criterios de selección e avaliación de proxectos establecidos no artigo 7.2 das bases reguladoras da axuda:

a) Representatividade do organismo intermedio.

Nº total de empresas asociadas ou representadas polo organismo intermedio solicitante da axuda á data de solicitude da axuda:

1º Superior a 30 empresas: 30 puntos.

2º Entre 20 e 30 empresas: 12 puntos.

3º Entre 10 e 19 empresas: 6 puntos.

4º Menos de 10 empresas: 0 puntos.

b) Concreción sectorial do solicitante: Organismo intermedio sectorial (clúster, consello regulador, centro tecnolóxico ou asociación representativa dun sector ou varios sectores relacionados entre si): 30 puntos. Para os efectos de priorizar as accións de organismos con especialización sectorial sobre accións de organismos multisectoriais, en liña coa estratexia galega de especialización intelixente (RIS3 Galicia).

c) Estudo previo -feito ou encargado polo organismo intermedio- de empresas pertencentes ao mesmo en relación a súa internacionalización: 23 puntos (no caso de telo elaborado no ano 2019 ou posterior).

d) Novos solicitantes: Recibirán 17 puntos os organismos que non obtivesen resolución aprobatoria á solicitude de anteriores convocatorias destas bases anteriores á convocatoria IG208.2023 (excepto as convocatorias IG208.2019 e IG208.2020).



e) Aproveitamento de axudas á internacionalización anteriores á convocatoria IG208.2023 (excepto as convocatorias IG208.2019 e IG208.2020). Avaliarase tendo en conta: informe de resultado de subvencións anteriores do Igape recibidas polo organismo para o mesmo fin de internacionalización das empresas asociadas ao organismo intermedio: 17 puntos no caso de cubrir este informe no formulario electrónico de solicitude e que se acadasen resultados positivos.

No caso de empate nas puntuacións, para desempatar terase en conta a maior puntuación obtida nos criterios a), b), c), d) e e) do artigo 7.2, sucesivamente. Se aínda así segue existindo empate, con fin de promover a incorporación do principio transversal de igualdade enunciado no artigo 9 do RDC, decidírase a favor do proxecto en que se prevea a implantación dun plan de igualdade, identificado no formulario electrónico de solicitude polo seu localizador no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo, de acordo co establecido no artigo 11 do Real decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro. De persistir o empate, darase preferencia aos proxectos segundo a súa orde de presentación.

Unha vez analizados conxuntamente os informes técnicos dos 27 proxectos presentados dentro do prazo establecido, tendo en conta a relación de solicitudes de axuda coa puntuación que lle corresponde a cada unha elaborada polo órgano avaliador en aplicación dos anteriores criterios de avaliación considerando unicamente as que acadaran 35 puntos, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Internacionalización do Igape ditou a proposta de resolución correspondente á convocatoria de AXUDAS DO IGAPE PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EXTERIOR CONXUNTA DAS EMPRESAS GALEGAS (GALICIA EXPORTA ORGANISMOS INTERMEDIOS 2024), SUSCEPTIBLES DE SEREN COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027, con data 11/09/2024.

2. Resolvo:

Primeiro. Aprobar a concesión das subvencións aos 22 beneficiarios que figuran no Anexo I, para os proxectos e polos importes que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada un deles e que supoñen un total de 1.580.952,16 euros.

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da subvención cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

Segundo. Denegar 1 solicitude presentada polos interesados que se sinalan no anexo II polas causas sinaladas no mesmo.

Terceiro. Arquivar sen máis trámite as 4 solicitudes relacionadas no anexo III polas causas sinaladas no mesmo.

Cuarto. Aprobar as condicións particulares para cada beneficiario derivadas das bases da convocatoria de axuda e dos informes técnicos que se establecen en documentos anexos,

Quinto. Publicar a resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> (apartado "Resolucións definitivas" <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>), de acordo co establecido no artigo 14.4 das bases reguladoras.

Habílitase un prazo de 10 días naturais para que os interesados accedan á Oficina virtual do Igape no citado enderezo <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>, utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e descarguen a súa resolución individual.



3. Recursos:

As resolucións individuais esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido.

Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
A directora xeral do Igape	Covadonga Toca Carús	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina

ANEXO I

Axudas concedidas

CONVOCATORIA 2024 DAS AXUDAS DO IGAPE PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EXTERIOR CONXUNTA DAS EMPRESAS GALEGAS (GALICIA EXPORTA ORGANISMOS INTERMEDIOS), COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificaci ón	Importe subvencionabl e	% de subvención	Subvención
IG208.2024.1.1	ASVINOR (G70445739)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Agroalimentario do OOII ASVINOR no ano 2024	100,00	30/11/2024	30/11/2024	51.525,85	71,96	37.079,35
IG208.2024.1.3	ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA (ASIME) (G36614774)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Metalmeccánico do OOII ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA (ASIME) no ano 2025	100,00	31/03/2025	31/03/2025	550.874,52	71,96	396.423,72
IG208.2024.1.6	CLUSTER DO AUDIOVISUAL GALEGO (G15891260)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Audiovisual do OOII CLUSTER DO AUDIOVISUAL GALEGO no ano 2025	100,00	31/03/2025	31/03/2025	248.133,86	71,96	178.563,62
IG208.2024.1.7	ASOCIACIÓN CLUSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA (G94194594)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Loxística do OOII ASOCIACIÓN CLUSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA no ano 2024	100,00	30/11/2024	30/11/2024	33.713,56	71,96	24.261,16

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificaci ón	Importe subvencionabl e	% de subvención	Subvención
IG208.2024.1.13	VIRATEC, CLUSTER GALEGO DE SOLUCIÓNS AMBIENTAIS E ECONOMÍA CIRCULAR (G02881563)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector SERVIZOS do OOII VIRATEC, CLUSTER GALEGO DE SOLUCIÓNS AMBIENTAIS E ECONOMÍA CIRCULAR no ano 2024	100,00	30/11/2024	30/11/2024	14.980,00	71,96	10.780,00
IG208.2024.1.19	ASOCIACIÓN CLUSTER DA MADEIRA DE GALICIA (G32290439)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector MADEIRA do OOII ASOCIACIÓN CLUSTER DA MADEIRA DE GALICIA no ano 2025	100,00	31/03/2025	31/03/2025	9.460,51	71,96	6.808,03
IG208.2024.1.21	ANFACO (G36625309)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector AGROALIMENTARIO do OOII ANFACO no ano 2025	100,00	31/03/2025	31/03/2025	61.617,45	71,96	44.341,53
IG208.2024.1.24	CLUSTER TIC GALICIA (G70157581)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector TIC do OOII CLUSTER TIC GALICIA no ano 2025	100,00	31/03/2025	31/03/2025	97.092,66	71,96	69.870,42
IG208.2024.1.25	ASOCIACION CLUSTER DEL NAVAL GALLEGO (G15710338)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Naval do OOII ASOCIACION CLUSTER DEL NAVAL GALLEGO no ano 2025	100,00	31/03/2025	31/03/2025	306.321,70	71,96	220.437,11
IG208.2024.1.27	ASOCIACION CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Agroalimentario do	100,00	31/03/2025	31/03/2025	110.420,79	71,96	79.461,69

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
	(G27407212)	OOII ASOCIACION CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA no ano 2025						
IG208.2024.1.16	ASOCIACIÓN BIOGA-CLUSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DE CIENCIAS DA VIDA (G70259312)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA do OOII ASOCIACIÓN BIOGA-CLUSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DE CIENCIAS DA VIDA no ano 2025	83,00	31/03/2025	31/03/2025	95.775,70	71,96	68.922,70
IG208.2024.1.23	FUNDACIÓN CLUSTER EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) (G36983575)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector AUTOMOCIÓN do OOII FUNDACIÓN CLUSTER EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) no ano 2025	83,00	31/03/2025	31/03/2025	54.782,26	71,96	39.422,75
IG208.2024.1.26	ASOC. GALLEGA DE EMPRESAS DE INGENIERÍA, CONSULTORÍA Y SERVICIOS TECNOLÓXICOS (G36942720)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector ENXEÑERÍA do OOII ASOC. GALLEGA DE EMPRESAS DE INGENIERÍA, CONSULTORÍA Y SERVICIOS TECNOLÓXICOS no ano 2025	83,00	31/03/2025	31/03/2025	24.048,25	71,96	17.305,75
IG208.2024.1.4	ASOCIACIÓN CLÚSTER DA BIOMASA DE GALLCIA (G42965343)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Enerxías renovables do OOII ASOCIACIÓN CLÚSTER DA BIOMASA DE GALLCIA no	82,00	31/03/2025	31/03/2025	20.508,90	71,96	14.758,74

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificaci ón	Importe subvencionabl e	% de subvención	Subvención
		ano 2025						
IG208.2024.1.9	FUNDACION INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA (G15305923)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA do OOII FUNDACION INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA no ano 2025	77,00	31/03/2025	31/03/2025	132.598,72	71,96	95.421,51
IG208.2024.1.12	ASOCIACION GALEGA DE ARIDOS (G36345718)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector PEDRA NATURAL do OOII ASOCIACION GALEGA DE ARIDOS no ano 2024	77,00	30/11/2024	30/11/2024	5.941,98	71,96	4.276,00
IG208.2024.1.14	ASOCIACION DE CRIADORES DA RAZA PORCINA CELTA (G27243500)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Agroalimentario do OOII ASOCIACION DE CRIADORES DA RAZA PORCINA CELTA no ano 2025	77,00	31/03/2025	31/03/2025	17.120,00	71,96	12.320,00
IG208.2024.1.15	FUNDACIÓN CTAG (CENTRO TECNOLÓGICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA) (G36871424)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector AUTOMOCIÓN do OOII FUNDACIÓN CTAG (CENTRO TECNOLÓGICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA) no ano 2025	77,00	31/03/2025	31/03/2025	166.587,44	71,96	119.880,68

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG208.2024.1.18	ASOCIACIÓN CLUSTER DEL GRANITO (G36644961)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Pedra natural do OOII ASOCIACIÓN CLUSTER DEL GRANITO no ano 2025	77,00	31/03/2025	31/03/2025	94.320,50	71,96	67.875,50
IG208.2024.1.2	CONSELLO REGULADOR D.O. RIBEIRO (Q8255201I)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Agroalimentario do OOII CONSELLO REGULADOR D.O. RIBEIRO no ano 2025	60,00	31/03/2025	31/03/2025	51.360,00	71,96	36.960,00
IG208.2024.1.5	ASOCIACIÓN CULTIVOS BAIXO MIÑO, ACUBAM (G94078961)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Agroalimentario do OOII ASOCIACIÓN CULTIVOS BAIXO MIÑO, ACUBAM no ano 2025	59,00	31/03/2025	31/03/2025	18.874,80	71,96	13.582,80
IG208.2024.1.8	AGMMA (ASOCIACION GALLEGA DE MOLDISTAS, MATRICEROS Y AFINES) (G36912962)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Metalmecánico do OOII AGMMA (ASOCIACION GALLEGA DE MOLDISTAS, MATRICEROS Y AFINES) no ano 2025	59,00	31/03/2025	31/03/2025	30.848,10	71,96	22.199,10

TOTAL:
1.580.952,16

ANEXO II

Axudas denegadas

CONVOCATORIA 2024 DAS AXUDAS DO IGAPE PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EXTERIOR CONXUNTA DAS EMPRESAS GALEGAS (GALICIA EXPORTA ORGANISMOS INTERMEDIOS), COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

Expediente núm.	Titular	Motivo de denegación
IG208.2024.1.22	CINFO, CONTENIDOS INFORMATICOS PERSONALIZADOS, S.L. (B15757941)	Denégase a solicitude da axuda xa que a solicitante non cumpre os requisitos para ter a condición de organismo intermedio (artigo 2), e por tanto posible solicitante, incumprindo así o recollido nos artigos 1 e 8 das bases reguladoras.

ANEXO III

Solicitudes archivadas

CONVOCATORIA 2024 DAS AXUDAS DO IGAPE PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EXTERIOR CONXUNTA DAS EMPRESAS GALEGAS (GALICIA EXPORTA ORGANISMOS INTERMEDIOS), COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

Expediente núm.	Título do proxecto	Motivo de arquivo
IG208.2024.1.10	FUNDACIÓN CLUSTER EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) (G36983575)	DESISTENCIA DO SOLICITANTE
IG208.2024.1.11	ASOCIACION CLUSTER DEL NAVAL GALLEGO (G15710338)	DESISTENCIA DO SOLICITANTE
IG208.2024.1.17	ASOCIACION CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA (G27407212)	DESISTENCIA DO SOLICITANTE
IG208.2024.1.20	CLUSTER TIC GALICIA (G70157581)	DESISTENCIA DO SOLICITANTE